

RADIO ESCOLAR

CONFIGURAMOS A RADIO.-

1. Acender a mesa no interruptor **POWER** (non fai falla acender o **Phantom** que está so seu carón) que está situado na parte posterior da mesma
2. Os interruptores do cadro **SOURCE** deben de estar:
 - a. **MAIN MIX** : pulsado
 - b. **ALT 3-4** : non pulsado (son agrupamentos de subcanales que non imos empregar)
 - c. **2-TR / USB**: indiferente

Imos procurar non tocalos e deixalos na configuración actual

3. Subimos os deslizadores das catro canles dos **micros** ata un pouco por riba do valor 0.
En cada canle tamén podemos modular o agudo ou grave que queremos que saia dito audio nos mandos sinalados con **EQ (EQUALIZER)**

A Maiores as canles de entrada dos micros teñen outros mandos:


- **GAIN** (ganancia, serve para aumentar a sensibilidade do micrófono) Empezaremos colocándoa ás 15:00h
- **COMP** (compresor que mantén a un mesmo nivel o sinal de saída: si o locutor alonxase do micro ou acércase ésto garantiza manter o nivel de saída) Colocarémolo ás 22:00h
- **AUX** (canles mono auxiliares...non as imos precisar)
- **PAN** (balanceo audio)
- **MUTE** (silencia a canle)

Si acendera o piloto **CLIP** indica que entra moita sinal e hai que reducir na ganancia (raras ocasións)


4. Subiremos os deslizadores do volumen xeral da mesa (**MAIN MIX**) ata un pouco por riba do 0, o audio do PHONE estará ás 12:00h, o mesmo que os volumes do distribuidor de auriculares
5. A canle da música do ordenador, a **canle 7/8** manexaremos o volume da música co deslizador, subindo e baixando según o precisemos na grabación do podcast. Recomendase ter abertas tanto a xanela do AUDACITY coma a do VLC (reproductor) para xogar co volume da música



6. Logo de comprobar que o cable de conexión mesa-ordenador está correctamente conectado, no ordenador abrimos o software de edición de audio **AUDACITY**



7. Unha vez aberto o software, procedemos a monitorizar as entradas
- música, sons do ordenador
 - microfónos



O ideal é que tanto a música como o audio dos microfónos chegue entono dos 6dB (empeza a coller unha cor amarela-vermella). Para iso imos modulando o son na **canle** correspondente:


CONTROL DA MESA.-

Para escoitar e así poder controlar o que entra e sae a través da mesa e que logo será gravado polo AUDACITY, unha persoa debe de facer de **"enxeñeiro de son"** colocándose os auriculares que se atopan na zona de control e polos que pode escoitar todo.

Os locutores deben colocarse os seus auriculares correspondentes que estarán conectados ao amplificador de auriculares na mesa de locución e que deberá de estar acendido.

GRAVACIÓN CON AUDACITY.-

Unha vez feitas as comprobacións e logo do chequeo de música, efectos, micros, procedemos coa gravación en AUDACITY clicando no **punto de cor vermella (RECORD)**




O **"enxeñeiro"** fai a indicación de que vai a comezar a gravación e nese momento debe de haber silencio absoluto, evitando incluso o golpeteo de dedos nas mesas e ruidos que logo quedan rexistrados.

Logo de que comece a gravación e pasados uns segundos, o **"enxeñeiro"** indica cun sinal que pode comezar o programa. Remátase de gravar clicando no botón do **recadro negro (STOP)**

Poderemos escoitar o gravado pulsando a tecla do **triángulo verde (PLAY)**

EXPORTACIÓN DO PODCAST.-



Para exportar e logo poder publicar o podcast, debemos de **exportar** o proxecto de AUDACITY ao formato **.wave** ou a **.mp3**, clicando en:

Archivo, Exportar, exportar como MP3

Asignámoslle un título e elegimos onde o queremos gardar e xa o temos preparado para poder publicar na web, blog, plataforma...

PUBLICACIÓN DO PODCAST.-

Podemos crear unha canle de podcast nas diferentes plataformas deseñadas para tal fin, quizáis a máis empregada sexa **IVOOX**, aínda que se poden empregar outras. Para poder subir os nosos podcast e crear unha canle, debemos acceder a IVOOX e rexistrarnos, logo do cal crearemos a canle na que poderemos subir os noso podcast. Lembrar que hai que ter unha conta de correo asociada para activar dito espazo.



Logo que temos o podcast subido a internet, podemos compartilo na web do centro, ou no blog creado para a radio escolar do centro, por ex..

RECURSOS.-

Aquí tes una serie de sitios na rede onde podes atopar diferentes recursos (música libre de dereitos, banco de sons, ...) que poden axudar para a creación do voso podcast. Lembra que a rede é inmensa e de seguro que podes atopar outros tan válidos ou incluso mellores.



- **Cortinas musicais:** esencial para identificar un programa que teña una certa periodicidade. Aquí tes un enlace onde podes atopar moitas: <https://www.sonidosmp3gratis.com/cortina-musical>



- **Efectos de son:** nestes espazos podes atopar multitude de efectos de son que podes empregar para o teu podcast. <https://soundbite.com/free-sound-effects-1.html>



BBC SOUNDS

- **Banco de sons da BBC:** outra fonte de sons moi interesante

<https://sound-effects.bbcrewind.co.uk/>



- **Banco de sons do INTEF:**
<https://procomun.intef.es/bm/buscador/audio/todos>



Recursos **CREA**

- **Estamos en la onda:** interesante proposta didáctica par atraballar a radio na escola da Junta de Extremadura de onde podes obter actividades varias para iniciarse e motivar ao alumnado a crear radio (xogos de locución, creación de guión...)

<https://emtic.educarex.es/crea/lengua/enlaonda/index.html>



podgalego

- **Podgalego:** web dirixida a agrupar e difundir os podcast en galego. Pode servir de axuda ou de exemplo de creación de podcast <https://podgalego.agora.gal/>

MOITO ÁNIMO E...

